



“EL QUIJOTE” NA LOUZA DE SARGADELOS DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

O día 22 de abril do ano 2016 conmemorase o IV centenario da morte de **Miguel de Cervantes Saavedra** (1547-1616) e o Museo Provincial de Lugo quere sumarse a esta celebración achegándose á súa obra a través de tres pezas de louza da Real Fábrica de Sargadelos, expostas na sala nº19 da primeira planta.

A decoración estampada, ou decorado mecánico, nas louzas tivo a súa orixe na Inglaterra do século XVIII e supuxo unha das maiores revolucións industriais de tódolos tempos, chegando a través de modelos, pranchas de cobre, técnicos e operarios a outras moitas factorías coma a de Cervo.

No repertorio decorativo empregado na Fábrica de Sargadelos destacan as *Chinoisseries*, as vistas fantásticas, os temas infantís, vexetais, campesiños e en menor medida os inspirados en libros de viaxes e nas obras literarias. Entre estas últimas, *El Quijote*, de Miguel de Cervantes será a obra que ofrezca máis inspiración ás contraditorias tendencias que encerra o Romanticismo, o idealismo exaltado, a fantasía desbordante e os ambientes estraños cheos de orientalismo e espírito medieval.

A produción desta serie decorativa realizada na terceira etapa da fábrica entre 1845 e 1862, foi mais ben escasa. Estampouse sobre louza de pedernal en pezas destinadas ao servizo de mesa, elementos de uso hixiénico e útiles de escritorio entre outros, enmarcada nunhas orlas de roleos chamadas “orlas isabelinas”, nas cores rosa, azul, marrón, negro e verde.

Constatamos varios temas de *El Quijote* estampados nas louzas de Sargadelos: D. Quijote é armado cabaleiro; O encontro coas labregas; ,a primeira saída coas mozas da venta; o manteo de Sancho; das aldeas do Toboso; a aventura dos leóns, a despedida de Sancho ao abandonala ínsula, Sancho xulga á Daifa, D. Quijote é armado cabaleiro; D. Quijote e Sancho Panza cabalgando, a aventura dos disciplinantes ou D. Quijote na venta.

Representacións de *El Quijote* na louza de Sargadelos do Museo Provincial de Lugo:

1. **Prato chan**. Louza fina de pedernal feita a molde.

O tema principal da viñeta reproduce unha ilustración do capítulo LII , A rara aventura dos disciplinantes”: ...”Uno de aquellos que las llevaban, dejando la carga a sus compañeros, salió al encuentro de D. Quijote, enarbolando una horquilla o bastón con la que sujetaba las andas, en tanto que descansaba, y recibiendo en eso una gran cuchillada que le tiró D. Quijote...”

2. **Prato de sobremesa** estampado en cor negra. Louza fina de pedernal feito a molde.

O tema principal é unha viñeta que ilustra o capítulo II de *El Quijote* que trata da primeira saída que da su aterra fixo o enxenioso *D. Quijote* “.....se llegó a la puerta de la venta y vio a las dos distraídas mozas que allí estaban, que a él le parecieron dos hermosas doncellas, o dos graciosas damas, que delante de la puerta del castillo se estaban solazando...”

3. **Almofía** estampada en cor verde. Louza fina de pedernal feita a molde.

O tema principal no centro do fondo representa unha viñeta cunha escena de *El Quijote* do capítulo XVII que trata do manteo de Sancho Panza.”...y allí puesto Sancho en mitad de la manta, comenzaron a levantarle en alto y a holgarse como perro por carnes tolendas. Las voces que al mísero manteado daba fueron tantas que llegaron a oídos de su amo, el cual deteniéndose a escuchar atentamente, creyó que alguna nueva aventura le venía....”



María Quiroga Figueroa
Paula Salinas Somoza

PRIMEIRA PLANTA

LOCALIZACIÓN:

PRIMEIRA PLANTA

SALA 19: LOUZA DE
SARGADELOS

